



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 20 DE XULLO DO 2017.**

**ASISTENTES:**

<p><b>Presidente:</b> D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)</p> <p><b>Membros que asisten:</b> D<sup>a</sup> María Herminia Pouso Maneiro D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D<sup>a</sup> Elvira Pereira Ageitos D. Anxo Orellan Fernández D. Antonio Javier Jesús Freire Brión D. Víctor Reiriz Lampón D<sup>a</sup> María Esther Patiño Rey</p>	<p><b>Interventor:</b> D. Pablo Bao Castro</p> <p><b>Secretario Xeral</b> D. Juan Manuel Salguero del Valle</p> <p><b>Membros que non asisten:</b> -----</p>
--	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e cincuenta minutos do día vinte de xullo do dous mil dezasete, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

**I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.**


Foi aprobada, por unanimidade dos presentes, a acta da sesión ordinaria de data 6 de xullo de 2017.

**II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.**

**A) FACTURAS.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o listado de facturas presentado polo Departamento de Intervención na data 18/07/2017, que será asinado polo secretario xeral para constancia do seu contido, e que responde ao seguinte resumo:






Número de relación	<b>2017 – 000029</b>
Importe total	<b>275.457,47 €</b>
Número de facturas	<b>57</b>
1ª factura.	
Emisor (Cif)	<b>32402575Z</b>
Importe	<b>133,86 €</b>
Última factura	
Emisor (Cif)	<b>P1500000C</b>
Importe	<b>875,04 €</b>

### B) PROPOSTAS DE GASTO.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

Nº Proposta	<b>1</b>	Data	<b>18/07/2017</b>
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Xuventude e Deportes Anxo Orellán Fernández		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de materiais para reposición dos existentes e deteriorados na Sala de Ensaíos Municipal		
Nº orzamentos aportados	<b>1</b>	Provedores	<b>JUAN MANUEL PÉREZ PÉREZ</b>
Informe:			
<b>PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.</b>			
Denominación:	<b>JUAN MANUEL PÉREZ PÉREZ</b>		
NIF/CIF:	<b>52936417P</b>		
Importe (IVE incluído):	<b>1.097,47 €</b>		
Observacións:			

Nº Proposta	<b>2</b>	Data	<b>13/07/2017</b>
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Impresión, colocación e retirada de lona de 1,60x1 m con publicidade, co motivo da exposición "Xigantes de Exponav" no C.C.L. Rivas no mes de agosto		
Nº orzamentos aportados	<b>1</b>	Provedores	<b>FRANCISCO JAVIER BESADA MOLINA</b>
Informe:			
<b>PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.</b>			
Denominación:	<b>FRANCISCO JAVIER BESADA MOLINA</b>		
NIF/CIF:	<b>52930719Z</b>		
Importe (IVE incluído):	<b>29,75 €</b>		
Observacións:			





CONCELLO  
DE  
RIVEIRA  
(A CORUÑA)


Declarado Municipio Turístico Galego

Nº Proposta	3	Data	13/07/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizo de reparto de pegada de 100 carteis con publicidade, co motivo da exposición "Xigantes de Exponav" no C.C.L. Rivas no mes de agosto		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ESTRELLA PAZ GARCÍA
Informe:			
<b>PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.</b>			
Denominación:	ESTRELLA PAZ GARCÍA		
NIF/CIF:	33227093M		
Importe (IVE incluído):	48,40 €		
Observacións:			

Nº Proposta	4	Data	18/07/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 25 m lineis de enreixado Hércules, 12 postes e 36 abrazadeiras para colocación no parque infantil do Castro		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	PEPE DE ADELINO E HIJOS, S.L.
Informe:			
<b>PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.</b>			
Denominación:	PEPE DE ADELINO E HIJOS, S.L.		
NIF/CIF:	B15972649		
Importe (IVE incluído):	771,75 €		
Observacións:			

Nº Proposta	5	Data	19/07/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Departamento de Comunicación Abdón Dorca Santos		
DESCRICIÓN DO GASTO	Inserción de media páxina de publicidade en El Correo Gallego o día 25/07/2017 co motivo do seu especial sobre o Día de Galicia		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	EDITORIAL COMPOSTELA, S.A.
Informe:			
<b>PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.</b>			
Denominación:	EDITORIAL COMPOSTELA, S.A.		
NIF/CIF:	A15000391		
Importe (IVE incluído):	907,50 €		
Observacións:			

Nº Proposta	6	Data	17/07/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Departamento de Comunicación (Turismo) Abdón Dorca Santos		
DESCRICIÓN DO GASTO	Publicación dun despregable con información turística do Concello o día 21/07/2017 nas edicións Barbanza e Ourense de La Voz de Galicia		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	LA VOZ DE GALICIA, S.A.





CONCELLO  
DE  
**RIVEIRA**  
(A CORUÑA)  
Declarado Municipio Turístico Galego

<b>Informe:</b>	
<b>PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.</b>	
<b>Denominación:</b>	<b>LA VOZ DE GALICIA, S.A.</b>
<b>NIF/CIF:</b>	A15000649
<b>Importe (IVE incluído):</b>	<b>5.445,00 €</b>
<b>Observacións:</b>	

<b>Nº Proposta</b>	<b>7</b>	<b>Data</b>	<b>12/07/2017</b>
<b>SERVIZO/CONCELLERÍA</b>	Concellería de Mobilidade e Seguridade Cidadá Víctor Reiriz Lampón		
<b>DESCRICIÓN DO GASTO</b>	Subministración de dispensador de Auga fría-Quente, 64 garrafas de auga e 11 packs de vasos para as dependencias da Policía Local		
<b>Nº orzamentos aportados</b>	<b>1</b>	<b>Provedores</b>	ALBERTO BENITO QUEIRUGA VILA
<b>Informe:</b>			
<b>PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.</b>			
<b>Denominación:</b>	<b>ALBERTO BENITO QUEIRUGA VILA</b>		
<b>NIF/CIF:</b>	52454304K		
<b>Importe (IVE incluído):</b>	<b>677,60 €</b>		
<b>Observacións:</b>			

<b>Nº Proposta</b>	<b>8</b>	<b>Data</b>	<b>17/07/2017</b>
<b>SERVIZO/CONCELLERÍA</b>	Concellería de Mobilidade e Seguridade Cidadá Víctor Reiriz Lampón		
<b>DESCRICIÓN DO GASTO</b>	Subministración e instalación de 2 cámaras exteriores para a Praza do Concello e Rotonda de Padín		
<b>Nº orzamentos aportados</b>	<b>2</b>	<b>Provedores</b>	- FERROVIAL SERVICIOS, S.A. - OBRAS Y SERVICIOS LIJÓ, S.L.
<b>Informe:</b>	Enxeñeira Municipal-Uxía Landeira Pereira (18/07/2017)		
<b>PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.</b>			
<b>Denominación:</b>	<b>FERROVIAL SERVICIOS, S.A.</b>		
<b>NIF/CIF:</b>	A80241789		
<b>Importe (IVE incluído):</b>	<b>3.630,00 €</b>		
<b>Observacións:</b>			

<b>Nº Proposta</b>	<b>9</b>	<b>Data</b>	<b>18/07/2017</b>
<b>SERVIZO/CONCELLERÍA</b>	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
<b>DESCRICIÓN DO GASTO</b>	Intervención do pregoneiro, co motivo da celebración das Festas de Verán 2017		
<b>Nº orzamentos aportados</b>	<b>1</b>	<b>Provedores</b>	CULTURACTIVA, SOC. COOP. GALEGA
<b>Informe:</b>			
<b>PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.</b>			
<b>Denominación:</b>	<b>CULTURACTIVA, SOC. COOP. GALEGA</b>		
<b>NIF/CIF:</b>	F15983067		
<b>Importe (IVE incluído):</b>	<b>726,00 €</b>		
<b>Observacións:</b>			





CONCELLO  
DE  
**RIVEIRA**  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

<b>Nº Proposta</b>	<b>10</b>	<b>Data</b>	18/07/2017
<b>SERVIZO/CONCELLERÍA</b>	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
<b>DESCRICIÓN DO GASTO</b>	Actuación da Banda de Música de Negreira o 05/08/2017, co motivo da celebración das Festas de Verán 2017		
<b>Nº orzamentos aportados</b>	1	<b>Provedores</b>	ASOCIACIÓN CULTURAL BANDA DE MÚSICA DE NEGREIRA
<b>Informe:</b>			
<b>PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.</b>			
<b>Denominación:</b>	ASOCIACIÓN CULTURAL BANDA DE MÚSICA DE NEGREIRA		
<b>NIF/CIF:</b>	G15088677		
<b>Importe (IVE exento):</b>	1.000,00 €		
<b>Observacións:</b>			

<b>Nº Proposta</b>	<b>11</b>	<b>Data</b>	18/07/2017
<b>SERVIZO/CONCELLERÍA</b>	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
<b>DESCRICIÓN DO GASTO</b>	Actuación de grupo de gaitas nas alboradas do 3 ao 6/08/2017 e desfile do Día da Flor, co motivo da celebración das Festas de Verán 2017		
<b>Nº orzamentos aportados</b>	2	<b>Provedores</b>	- GRUPO DE BAILE E MÚSICA TRADICIONAL TAHUME - ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA XIADA
<b>Informe:</b>			
<b>PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.</b>			
<b>Denominación:</b>	GRUPO DE BAILE E MÚSICA TRADICIONAL TAHUME		
<b>NIF/CIF:</b>	G15462971		
<b>Importe (IVE exento):</b>	1.750,00 €		
<b>Observacións:</b>			

<b>Nº Proposta</b>	<b>12</b>	<b>Data</b>	18/07/2017
<b>SERVIZO/CONCELLERÍA</b>	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
<b>DESCRICIÓN DO GASTO</b>	Actuación de grupo de gaitas na misa en honra da Virxe do Carmen o 05/08/2017, co motivo da celebración das Festas de Verán 2017		
<b>Nº orzamentos aportados</b>	1	<b>Provedores</b>	ASOCIACIÓN CULTURAL OS CASTROS
<b>Informe:</b>			
<b>PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.</b>			
<b>Denominación:</b>	ASOCIACIÓN CULTURAL OS CASTROS		
<b>NIF/CIF:</b>	G15389026		
<b>Importe (IVE exento):</b>	600,00 €		
<b>Observacións:</b>			

<b>Nº Proposta</b>	<b>13</b>	<b>Data</b>	18/07/2017
<b>SERVIZO/CONCELLERÍA</b>	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
<b>DESCRICIÓN DO GASTO</b>	Subministración de 4 composicións florais e 1 coroa para a celebración da misa en honra da Virxe do Carmen o 05/08/2017.		





CONCELLO  
DE  
RIVEIRA  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

		co motivo da celebración das Festas de Verán 2017	
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- RAMONA PÉREZ DOMÍNGUEZ - PLANTAS Y FLORES, S.L. - Mª ESTHER VIDAL RODRÍGUEZ
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	RAMONA PÉREZ DOMÍNGUEZ		
NIF/CIF:	33256546H		
Importe (IVE incluído):	299,99 €		
Observacións:			

Nº Proposta	14	Data	18/07/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 36 ramos de flores variadas para o Día da Flor o 06/08/2017, co motivo da celebración das Festas de Verán 2017		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- RAMONA PÉREZ DOMÍNGUEZ - PLANTAS Y FLORES, S.L. - Mª ESTHER VIDAL RODRÍGUEZ
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	Mª ESTHER VIDAL RODRÍGUEZ		
NIF/CIF:	76511614K		
Importe (IVE incluído):	216,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	15	Data	18/07/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Servizo de sonorización do pregón das festas e coroación das Raíñas da Flor os días 2 e 6/08/2017, co motivo da celebración das Festas de Verán 2017		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	JUAN MANUEL PÉREZ PÉREZ
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	JUAN MANUEL PÉREZ PÉREZ		
NIF/CIF:	52936417P		
Importe (IVE incluído):	435,60 €		
Observacións:			

Nº Proposta	16	Data	18/07/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 9 pracas grabadas para o Día da Flor o 06/08/2017, co motivo da celebración das Festas de Verán 2017		
Nº orzamentos aportados	2	Provedores	- DOSTEX, S.L. - FRANCISCO JAVIER BESADA MOLINA
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			





CONCELLO  
DE  
RIBEIRA  
(A CORUÑA)


Declarado Municipio Turístico Galego

Denominación:	DOSTEX, S.L.	
NIF/CIF:	B15944002	
Importe (IVE incluído):	224,99 €	
Observacións:		

Nº Proposta	17	Data	18/07/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 60 packs de sandwich+refresco para o Día da Flor o 06/08/2017, co motivo da celebración das Festas de Verán 2017		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	JUAN CARLOS MARTÍNEZ CASAIS
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	JUAN CARLOS MARTÍNEZ CASAIS		
NIF/CIF:	52931673W		
Importe (IVE incluído):	180,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	18	Data	18/07/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 60 bolsas de chucherías para o Día da Flor o 06/08/2017, co motivo da celebración das Festas de Verán 2017		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	MARÍA JOSÉ PÉREZ CRUJEIRAS
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	MARÍA JOSÉ PÉREZ CRUJEIRAS		
NIF/CIF:	52453547T		
Importe (IVE incluído):	90,00 €		
Observacións:			

Nº Proposta	19	Data	18/07/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	Acometida eléctrica e aluguer de iluminación do altar para a Misa do Carmen o 05/08/2017, co motivo da celebración das Festas de Verán 2017		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	OBRAS Y SERVICIOS LIJÓ, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	OBRAS Y SERVICIOS LIJÓ, S.L.		
NIF/CIF:	B15970692		
Importe (IVE incluído):	459,96 €		
Observacións:			





CONCELLO  
DE  
**RIVEIRA**  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

<b>Nº Proposta</b>	<b>20</b>	<b>Data</b>	18/07/2017
<b>SERVIZO/CONCELLERÍA</b>	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
<b>DESCRICIÓN DO GASTO</b>	Aluguer de 750 cadeiras para a Misa do Carmen o 05/08/2017, co motivo da celebración das Festas de Verán 2017		
<b>Nº orzamentos aportados</b>	1	<b>Provedores</b>	CARPAS PONTEVEDRA, S.L.
<b>Informe:</b>			
<b>PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.</b>			
<b>Denominación:</b>	CARPAS PONTEVEDRA, S.L.		
<b>NIF/CIF:</b>	B94077633		
<b>Importe (IVE incluído):</b>	907,50 €		
<b>Observacións:</b>			

<b>Nº Proposta</b>	<b>21</b>	<b>Data</b>	18/07/2017
<b>SERVIZO/CONCELLERÍA</b>	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
<b>DESCRICIÓN DO GASTO</b>	Aluguer de 3 carrozas con motivos florais para o Día da Flor o 06/08/2017, co motivo da celebración das Festas de Verán 2017		
<b>Nº orzamentos aportados</b>	1	<b>Provedores</b>	OURI PRODUCCIONES ARTÍSTICAS, S.L.
<b>Informe:</b>			
<b>PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.</b>			
<b>Denominación:</b>	OURI PRODUCCIONES ARTÍSTICAS, S.L.		
<b>NIF/CIF:</b>	B32425654		
<b>Importe (IVE incluído):</b>	6.050,00 €		
<b>Observacións:</b>			

<b>Nº Proposta</b>	<b>22</b>	<b>Data</b>	18/07/2017
<b>SERVIZO/CONCELLERÍA</b>	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
<b>DESCRICIÓN DO GASTO</b>	Contratación de seguro por posibles cancelacións das actuacións estelares das Festas de Verán 2017		
<b>Nº orzamentos aportados</b>	2	<b>Provedores</b>	- COBERTIS, S.L. - ARTAI CORREDURÍA DE SEGUROS, S.A.
<b>Informe:</b>			
<b>PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.</b>			
<b>Denominación:</b>	COBERTIS, S.L.		
<b>NIF/CIF:</b>	B65484222		
<b>Importe (IVE incluído):</b>	1.093,90 €		
<b>Observacións:</b>			

<b>Nº Proposta</b>	<b>23</b>	<b>Data</b>	18/07/2017
<b>SERVIZO/CONCELLERÍA</b>	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
<b>DESCRICIÓN DO GASTO</b>	Aluguer de grupos electróxicos en actividades e espectáculos, co motivo da celebración das Festas de Verán 2017		
<b>Nº orzamentos aportados</b>	3	<b>Provedores</b>	- ILUMINACIONES ARTÍSTICAS SALNÉS, S.L. - ILUMINACIONES SANTIAGUESAS, S.L. - OBRAS Y SERVICIOS LIJÓ, S.L.
<b>Informe:</b>			







<b>PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.</b>	
<b>Denominación:</b>	<b>ILUMINACIONES ARTÍSTICAS SALNÉS, S.L.</b>
<b>NIF/CIF:</b>	B94121217
<b>Importe (IVE incluído):</b>	<b>3.630,00 €</b>
<b>Observacións:</b>	

<b>Nº Proposta</b>	<b>24</b>	<b>Data</b>	<b>18/07/2017</b>
<b>SERVIZO/CONCELLERÍA</b>	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
<b>DESCRIPCIÓN DO GASTO</b>	Autorización de gastos en concepto de imprevistos para atender os gastos que puideran xurdir desta natureza, co motivo da celebración das Festas de Verán 2017		
<b>Nº orzamentos aportados</b>		<b>Provedores</b>	
<b>Informe:</b>			
<b>PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.</b>			
<b>Denominación:</b>			
<b>NIF/CIF:</b>			
<b>Importe:</b>	<b>1000,00 €</b>		
<b>Observacións/Anexo ao acordo:</b>	Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda autorizar a programación das Festas de Verán 2017 de Riveira.		

### III.- CONTRATACIÓN.

#### 1.- DEVOLUCIÓN DA FIANZA DEPOSITADA POLA EMPRESA "CONSTRUCCIONES OÑIAL, S.L." PARA RESPONDER DO CONTRATO DE "PAVIMENTACIÓN DE BEIRARRÚAS E RENOVACIÓN DE SERVIZOS NUN TRAMO DA AVENIDA DA CORUÑA (RIVEIRA)".

Visto o expediente de contratación tramitado por este Concello para realizar as obras do proxecto "Pavimentación de beirarrúas e renovación de servizos nun tramo da Avenida da Coruña (Riveira)".

A adxudicación realizouse por Decreto da Alcaldía da data 15/12/2015, a favor da empresa "CONSTRUCCIONES OÑIAL, S.L." (NIF B15079098), e o correspondente contrato asinouse na data 18/12/2015.

Para responder da boa execución do contrato a empresa depositou unha garantía definitiva de 9.090,91 euros, segundo Carta de Pago expedida polo Departamento de Contabilidade do Concello da data 15/12/2015 (nº operación: 2015 33009245), xustificativa de constitución de aval do Banco Popular, da data 15/12/2015, inscrito no Rexistro Especial de Avais co número 8916-1046.

A Acta de recepción das obras formalizouse na data 01/06/2016.

Tendo en conta que transcorreu o prazo de garantía para responder da boa execución do contrato.





Vistos os informes emitidos pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, como directora das obras, da data 05/07/2017, e polo interventor Pablo Bao Castro, da data 11/07/2017, ámbolos dous favorables á cancelación e devolución da garantía definitiva depositada pola empresa para responder da execución do contrato.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **adopta o seguinte acordo:**

A cancelación e devolución da garantía definitiva de 9.090,91 euros constituída por “CONSTRUCCIONES OÑIAL, S.L.” (NIF B15079098), para responder da execución do contrato “Pavimentación de beirarrúas e renovación de servizos nun tramo da Avenida da Coruña (Riveira)”.

**2.- APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO E DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “ACONDICIONAMENTO E MELLORA DAS CONDICIÓN DE ACCESIBILIDADE DAS OFICINAS MUNICIPAIS (SERVIZOS ECONÓMICOS) DA PLANTA BAIXA DO EDIFICIO CONSISTORIAL DO MUNICIPIO DE RIVEIRA”.**

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras de “Acondicionamento e mellora das condicións de accesibilidade das oficinas municipais (servizos económicos) da planta baixa do edificio consistorial do Municipio de Riveira”.

A actuación está financiada con fondos da Unión Europea (Fondos Feader), do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente e da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo resolución do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, da Xunta de Galicia, ditada ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2017, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (publicada no Diario Oficial de Galicia nº 14, da data 20/01/2017), cuxa notificación tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 11/07/2017, co número 11.905.

Constan no expediente os seguintes documentos:





CONCELLO  
DE  
RIVEIRA  
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

- 1.- Proxecto técnico para realizar as obras, redactado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño en febreiro de 2017, cun orzamento total de licitación de 92.943,40 euros (orzamento base: 76.812,73 euros; IVE 21%: 16.130,67 euros).
- 2.- Memoria xustificativa da necesidade das obras, asinada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 16/02/2017.
- 3.- Certificado expedido polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 16/02/2017, sobre a titularidade municipal do edificio e a súa dispoñibilidade para realizar as actuacións recollidas no proxecto.
- 4.- Informe asinado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 21/07/2017, en relación co artigo 125 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), manifestando que non é necesario realizar a supervisión do proxecto, xa que a súa contía non é superior a 350.000,00 euros e non se trata de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.
- 5.- Acta de Replanteo previo das obras a que se refire o artigo 126.1 do TRLCSP, asinada en sentido favorable polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 21/07/2017, unha vez comprobada a realidade xeométrica das obras, a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa normal execución, e os supostos básicos do proxecto en canto ao contrato a celebrar.
- 6.- Informe de viabilidade urbanística asinado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 21/07/2017, no que manifesta que o edificio sobre o que se van a realizar as obras, e que afectan ás oficinas da casa consistorial, é de propiedade municipal, e intégrase dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como "solo urbano consolidado"; e que a natureza das obras axústanse ás legalmente permitidas, tanto polo planeamento municipal vixente como pola lexislación urbanística e de protección do medio rural.
- 7.- Proposta de contratación asinada polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 21/07/2017 e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- 8.- Informe emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 26/07/2017, en relación coa existencia de crédito con cargo á aplicación orzamentaria 933.62201.
- 9.- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento negociado sen publicidade, con multiplicidade de criterios de adxudicación (prezo e prazo de execución), asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 26/07/2017.
- 10.- Informe xurídico emitido polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 26/07/2017, no que conclúe informando favorablemente





expediente de contratación.

11.- Informe de fiscalización previa emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 26/07/2017, no que conclúe informando favorablemente o expediente.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de obras, tal e como establecen os artigos 6 e 19 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

En razón da contía do orzamento (*valor estimado inferior a un millón de euros*), este contrato pode adjudicarse por procedemento negociado, de conformidade co disposto no artigo 171.d) do TRLCSP.

Ao non ser o valor estimado do contrato superior a 200.000,00 euros, non é preceptiva a publicación do anuncio de licitación previsto no artigo 142.1 do TRLCSP, de acordo co indicado no artigo 177.2 do citado TRLCSP.

De conformidade co establecido no artigo 178.1 do TRLCSP, para a adjudicación do contrato é necesario solicitar ofertas, ó menos, a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible.

Vistos os artigos 110, 115 e 121 do TRLCSP.

Vista a Disposición Adicional segunda do TRLCSP.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **adopta o seguinte acordo:**

**PRIMEIRO**.- Aprobar o proxecto técnico para realizar as obras de "Acondicionamento e mellora das condicións de accesibilidade das oficinas municipais (servizos económicos) da planta baixa do edificio consistorial do Municipio de Riveira", redactado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño en febreiro de 2017, cun orzamento total de licitación de 92.943,40 euros (orzamento base: 76.812,73 euros; IVE 21%: 16.130,67 euros).

**SEGUNDO**.- Aprobar o expediente de contratación das obras do proxecto citado no parágrafo anterior.

**TERCEIRO**.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento negociado sen publicidade, con multiplicidade de criterios de adjudicación (prezo e prazo de execución).

**CUARTO**.- Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 933.62201.

**QUINTO**.- Dispoñer a apertura do expediente de adjudicación por procedemento negociado sen publicidade, con multiplicidade de criterios de adjudicación (prezo e prazo de execución).

**SEXTO**.- Conforme establece a cláusula 10 do Prego de cláusulas





administrativas particulares, en relación co establecido no artigo 178.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, a adxudicación realizarase previa solicitude de ofertas, ó menos, a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible.

**SÉTIMO.-** Tendo en conta que na data 26/07/2017 asinouse Decreto da Alcaldía polo que se abriu o procedemento para á contratación da operación de préstamo, a executividade do crédito recollido na aplicación 933.62201 estará supeditada á efectiva formalización da operación de préstamo.

#### **IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.**

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta.

#### **V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### **VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### **VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.**

Vistos os escritos presentados por **M<sup>a</sup> Isabel Vila Pérez**, de datas 24/05/2017 e 30/05/2017 (Rexistros de entrada nº 8.469 e 8.918), nos que solicita a renuncia da licenza de obras nº 405/09 e solicitude de devolución das taxas aboadas.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, ao informe técnico do Delineante Municipal, Jaime García Leyra, de data 20/06/2017, ao informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 03/07/2017, así como ao informe de devolución de ingresos do Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 11/07/2017, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**Primeiro.- ACEPTAR A RENUNCIA** presentada pola Sra. M<sup>a</sup> Isabel Vila Pérez, da **LICENZA DE OBRA Nº 405/09**, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 7 de maio de 2009 para levar a cabo a reforma de planta baixa e elevación de baixocuberta en edificación existente, no Lugar de Segó, Artes nº 31, Riveira.





**DECLARANDO CONCLUSO O PROCEDIMENTO E O ARQUIVO DO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO DE REFERENCIA.**

**Segundo.-** Que se proceda á devolución dos tributos asociados á solicitude de licenza de obra (Expediente de obras nº 275/2008, formulada por M<sup>a</sup> Isabel Vila Pérez coa seguinte contía: 2.702,80 €).

**Terceiro.-** Notificar a presente resolución ós interesados en cumprimento do disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

**X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.**

**RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á ALEGACIÓN SOBRE A SUPERFICIE DE CESIÓN DA LICENZA DE SEGREGACIÓN E POSTERIOR AGRUPACIÓN DE PARCELAS Nº 2/17 CONCEDIDA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN SESIÓN DE DATA 27 DE FEBREIRO DE 2017.**

*CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural B.*

*SITUACIÓN: Lugar de Gude nº 15, Artes, Riveira.*

*REF<sup>a</sup> CATASTRAIS: Parcela A con nº 15074A001002310000KF e Parcela B con nº 15074A001010330000KY.*

*PARCELAS INICIAIS:*

*PARCELA A: Parcela con ref<sup>a</sup> catastral nº 15074A001002310000KF segundo medición realizada e contemplada no Proxecto de 9.647,00 m<sup>2</sup>.*

*PARCELA B: Parcela con ref<sup>a</sup> catastral nº 15074A001010330000KY segundo medición realizada e contemplada no Proxecto de 1.000,00 m<sup>2</sup>.*

*PARCELAS RESULTANTES TRAS A SEGREGACIÓN E POSTERIOR AGRUPACIÓN:*

*Da PARCELA A, segrégase unha superficie de 432,00 m<sup>2</sup> que agrégase á PARCELA B resultando finalmente:*

*PARCELA A: segundo medición realizada e contemplada no Proxecto de 9.215,00 m<sup>2</sup> que linda: Norte Teresa Romay Lampón (P-222), Manuel Pego Paz (P-223) e Parcela B resultante da segregación; Sur estrada veciñal de Artes a Carreira CP-7302; Este Manuel Caamaño (P-236), Manuel Argibay Santos (P-234), Parcela B resultante da segregación e estrada veciñal de Artes a Carreira CP-7302; Oeste José Ramón Romay Lampón (P-224).*





*PARCELA B: segundo medición realizada e contemplada no Proxecto de 1.432,00 m<sup>2</sup> que linda: Norte Pura Martínez Ruiz (P-232); Sur Parcela A resultante da segregación; Este estrada veciñal de Artes a Carreira CP-7302; Oeste Parcela A resultante da segregación.*

*SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS: Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento, que segundo a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira comprende unha superficie total de cesión de 289,50 m<sup>2</sup>, resultando na franxa sita no lindeiro este e sur da Parcela A unha superficie de cesión de 237,45 m<sup>2</sup>, e no lindeiro este da Parcela B unha superficie de cesión de 52,05 m<sup>2</sup>*

*PROMOTOR/A: Fernando Paz Pérez.*

*AUTOR/A PROXECTO: José Antonio Gómez Domínguez.*

*PROXECTO: Estudio Técnico de Segregación e Agrupación de Parcela de outubro de 2016 / Escritura de Propiedade.*

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

### ANTECEDENTES DE FEITO

**PRIMEIRO.-** Polo Sr. Fernando Paz Pérez, solicítase en escrito rexistrado de entrada na data 5.1.17 e 20.1.17, (Rexistro de entrada nº 126 e 880 respectivamente), licenza de segregación e posterior agrupación de parcelas con ref<sup>a</sup> catastrais nº 15074A001002310000KF e nº 15074A001010330000KY sitas no lugar de Gude nº 15, Artes, Riveira, achegándose Estudio Técnico de Segregación e Agrupación de Parcela de outubro de 2016 redactado por José Antonio Gómez Domínguez así como escritura de propiedade.


**SEGUNDO.-** A Xunta de Goberno Local en sesión de data 27 de febreiro de 2017 acordou por unanimidade:

“

(...)

**Primeiro.- CONCEDER a Fernando Paz Pérez a LICENZA DE SEGREGACIÓN e POSTERIOR AGRUPACIÓN DE PARCELAS Nº 2/17 con ref<sup>a</sup> catastrais nº 15074A001002310000KF e nº 15074A001010330000KY sitas no lugar de Gude nº 15, Artes, Riveira, solicitada, nos termos do Estudio Técnico de Segregación e Agrupación de Parcela de outubro de 2016 redactado por José Antonio Gómez Domínguez:**

- **PARCELAS INICIAIS: PARCELA A:** Parcela con ref<sup>a</sup> catastral nº 15074A001002310000KF segundo medición realizada e contemplada no Proxecto de 9.647,00 m<sup>2</sup>. **PARCELA B:** Parcela con ref<sup>a</sup> catastral nº 15074A001010330000KY segundo medición realizada e contemplada no Proxecto de 1.000,00 m<sup>2</sup>.
- **PARCELAS RESULTANTES TRAS A SEGREGACIÓN E POSTERIOR AGRUPACIÓN:** Da **PARCELA A**, segrégase unha superficie de 432,00 m<sup>2</sup> que agrégase á **PARCELA B** resultando finalmente:
- **PARCELA A:** segundo medición realizada e contemplada no Proxecto de 9.215,00 m<sup>2</sup> que linda: Norte Teresa Romay Lampón (P-222), Manuel Pego Paz (P-223) e Parcela B resultante da segregación; Sur estrada veciñal de Artes a Carreira CP-7302; Este Manuel Caamaño (P-236), Manuel Argibay Santos (P-234), Parcela B resultante da segregación e estrada veciñal de Artes a Carreira CP-7302; Oeste José Ramón Romay Lampón (P-224).
- **PARCELA B:** segundo medición realizada e contemplada no Proxecto de 1.432,00 m<sup>2</sup> que linda: Norte Pura Martínez Ruiz (P-232); Sur Parcela A resultante da





*segregación; Este estrada veciñal de Artes a Carreira CP-7302; Oeste Parcela A resultante da segregación.*

**Segundo.-** *Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas polo planeamento, que segundo a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira comprende unha superficie total de cesión de 289,50 m<sup>2</sup>, resultando na franxa sita no lindeiro este e sur da Parcela A unha superficie de cesión de 237,45 m<sup>2</sup>, e no lindeiro este da Parcela B unha superficie de cesión de 52,05 m<sup>2</sup>.*

*Asimesmo deberá completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa futura construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente.*

(...)

“

**TERCEIRO.-** *Posteriormente polo Sr. José Antonio Gómez Domínguez actuando en nome e representación do Sr. Sr. Fernando Paz Pérez en escrito rexistrado de entrada na data 4 de abril de 2017, (Rexistro de entrada nº 5.528), presenta alegación a licenza de segregación e posterior agrupación de parcelas nº 2/17 no que expón que:*

“

(...)

*No apartado segundo da licenza indícase que o propietario deberá ceder a dominio de uso público os terreos necesarios para apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas polo planeamento.*

*As parcelas iniciais no seu linde coa estrada veciñal de Artes a Carreira CP-7302 presenta un peche de muro de pedra de mampostería, dunha altura aproximada de 2 metros e cunha antigüidade superior aos 50 anos.*

*A estrada CP-7302 foi ancheada o abeiro do Plan provincial de mellora da Deputación da Coruña tal como se recolle en ACTA de la sesión EXTRAORDINARIA celebrada por la EXCMA CORPORACIÓN PROVINCIAL, el 14 de junio de 2002 (adxúntase copia). Modificando en parte a aliñación do antigo peche, e establecendo a aliñación final tal cual presenta o peche construído o día de hoxe, tal como se observa na foto o hito quilométrico da estrada está adosado ó muro pola súa cara exterior (como se pode observar na imaxe anexa).*

*Por outra banda tanto na LOUGA coma na LSG (febreiro de 2016) preténdese a conservación dos muros tradicionais existentes nos núcleos rurais.*

*Tal como se reflicte na LSG no artigo 26. Actuacións incompatibles.*

*e) A apertura de pistas, rúas ou camiños que non estean previstos no planeamento, así como a ampliación dos existentes e o derrumbamento de muros tradicionais dos rueiros ou corredoiras, agás disposición do planeamento que o autorice.*

*SOLICITO Ó CONCELLO que teña por presentado este escrito sírvase admitilo e, na súa virtude, teña en conta o exposto no apartado anterior para que se considere a aliñación consolidada coincidente co peche existente a día de hoxe, e se conceda a licenza de segregación sin ser obriga para elo, a cesión de terreos para a regularización do viario.*







(...)

“

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**PRIMEIRO.-** As parcelas obxecto da agrupación e posterior da segregación clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO DE NÚCLEO RURAL B.**

**SEGUNDO.-** O artigo 89 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (en adiante LSG) co título usos e obras provisionais establece que malia a obrigatoriedade da observancia dos plans, poderán autorizarse usos e obras de carácter provisional en solo urbano non consolidado, solo urbanizable e terreos afectados a sistemas xerais en tanto non se inicie o procedemento de xestión correspondente, sempre que non estean expresamente prohibidos polo planeamento xeral nin pola lexislación sectorial. Os usos e obras provisionais deberán cesar e derrubarse cando o acordase o concello, sen dereito a indemnización. A autorización aceptada polo propietario farase constar baixo as indicadas condicións no rexistro da propiedade. As obras executadas para usos provisionais deberán ser as mínimas imprescindibles para permitir unhas instalacións facilmente desmontables. Non se admiten como usos provisionais os residenciais nin os industriais.

**SEGUNDO.-** O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da LSG, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente consta Estudio Técnico de Segregación e Agrupación de Parcela de outubro de 2016 redactado por José Antonio Gómez Domínguez así como escritura de Propiedade.

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**TERCEIRO.-** O artigo 148 da LSG dispón que considerárase parcelación urbanística a división de terreos en dous ou máis lotes a fin da súa edificación.





**CUARTO.-** O artigo 149 LSG establece que no solo rústico non se poderán realizar segregacións, agás no suposto de execución de infraestruturas e dotacións e no caso de parcelas vinculadas a instalacións ou explotacións que fosen declaradas de utilidade pública e beneficiarias de expedientes de expropiación.

No obstante, permítese segregacións coa finalidade de reorganizar a propiedade, sempre e cando non resulte un maior número de parcelas respecto do orixinarmente existente.

**QUINTO.-** O artigo 150 LSG establece que non se poderán efectuar ningunha parcelación urbanística sen que previamente fose aprobado o planeamento urbanístico exixible segundo a clase de solo de que se trate e o instrumento de xestión correspondente. Queda prohibido en solo rústico a realización de parcelacións urbanísticas.

Non se poderá realizar ningunha parcelación que dea lugar a lotes de superficie ou dimensións inferiores ás determinadas como mínimas no planeamento, agás que os ditos lotes sexan adquiridos simultaneamente polos propietarios de terreos lindeiros co fin de agrupalos cos seus predios para constituir un novo.

Serán indivisibles as parcelas edificables conforme una relación determinada entre superficie de solo e superficie construíble, cando se edifique a correspondente a toda a superficie do solo, ou, no suposto de que se edifique a correspondente só a unha parte dela, a restante, se é inferior á parcela mínima, coas excepcións indicadas no apartado anterior.

En ningún caso se considerarán soares, nin se permitirá edificar neles, os lotes resultantes dunha parcelación efectuada con infracción das disposicións desta lei.

Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos comportará a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento.

Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza municipal, agás que o concello declare a súa innecesariedade. Será innecesario o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de:

- a) A aprobación dun proxecto de compensación, reparcelación ou expropiación.
- b) A execución de infraestruturas e dotacións públicas.
- c) O outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe.

Os notarios e rexistradores da propiedade exixirán para autorizar e inscribir, respectivamente, escrituras de división de terreos resolución administrativa na que se acredite o outorgamento da licenza municipal ou declaración da súa innecesariedade.

**SEXTO.-** Establece o artigo 368.5 do do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da LSG que toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos comportará a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento (artigo 150.5 da LSG). O previsto neste punto debe entenderse consonte o previsto nos artigos 30 e 36 deste regulamento para o solo urbano e o solo de núcleo rural, respectivamente.

**SÉTIMO.-** Establece o artigo 65 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana que serán inscribibles no Rexistro da Propiedade, as cesións de terreos con carácter obrigatorio nos casos previstos pois leis ou como consecuencia de transferencias de aproveitamento urbanístico.

**OITAVO.-** Establece o artigo 29 do Real Decreto 29 1093/1997 de 4 de xullo polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da lei hipotecaria sobre inscrición no rexistro da propiedade de actos de natureza urbanística, que os terreos





que en cumprimento das leis sexan obxecto de cesión obligatoria, se inscribirán a favor da administración actuante e para a súa afectación ao destino previsto nos planes de ordenación. Os terreos obxecto de cesión deberán estar libre de cargas, salvo que a lexislación urbanística aplicable establezca outra cousa.

**NOVENO.-** O artigo 53 da Lei de Bases de Réxime Local dispón que sen prexuízo das previsións específicas contenidas nos artigos 65, 67 y 110 desta Lei, as Corporacións Locais poderán revisar os seus actos e acordos nos termos e co alcance que, para a Administración do Estado, establécese na lexislación do Estado reguladora do procedemento administrativo común.

En concordancia co anterior o artigo 218 do ROF establece que sen perxuízo das previsións específicas contenidas nos artigos 65, 67 y 110 de la Lei 7/1985 de 2 de abril, os órganos das Entidades Locais poderán revisar os seus actos, resolucións e acordos, nos termos e co alcance que establécese na lexislación do Estado reguladora do procedemento administrativo común.

**DÉCIMO.-** O artigo 106 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas trata a revisión de disposicións e actos nulos do seguinte xeito.

1. As Administracións públicas, en calquera momento, por iniciativa propia ou a solicitude do interesado, e previo dictamen favorable do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma, se o houbera, declarararán de oficio a nulidade dos actos administrativos que puxeran fin á vía administrativa ou que non foran recurridos en prazo, nos supostos previstos no artigo 47.1.

2. Asimesmo, en calquera momento, as Administracións Públicas de oficio, previo dictamen favorable do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma se o houbera, poderán declarar a nulidade das disposicións administrativas nos supostos previstos no artigo 47.2.

3. O órgano competente para a revisión de oficio poderá acordar motivadamente a inadmisión a trámite das solicitudes formuladas polos interesados, sen necesidade de recabar dictamen do Consello de Estado ou órgano consultivo da Comunidade Autónoma, cando as mesmas no se basen en algunha das causas de nulidade do artigo 47.1 ou carezcan manifestamente de fundamento, así como no suposto de que se desestimasendo en canto ao fondo outras solicitudes sustancialmente iguais.

4. As Administracións Públicas, ao declarar a nulidade dunha disposición ou acto, poderán establecer, na mesma resolución, as indemnizacións que proceda reconecer aos interesados, si se dan as circunstancias previstas nos artigos 32.2 e 34.1 da Lei de Réxime Xurídico do Sector Público sen perxuízo de que, tratándose dunha disposición, subsistan os actos firmes dictados en aplicación da mesma.

5. Cando o procedemento se iniciase de oficio, o transcurso do prazo de seis meses dende o seu inicio sin dictarse resolución producirá a caducidade do mesmo. Se o procedemento se iniciase a solicitude de interesado, poderase entender a mesma desestimada por silencio administrativo.

**DÉCIMO PRIMEIRO.-** A nulidade dos actos administrativos aparecen regulados no artigo 47 da Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

1. Os actos das Administracións Públicas son nulos de pleno dereito nos casos seguintes:
  - a) Os que lesionen os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional
  - b) Os dictados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio.





- c) Os que teñan un contido imposible.
- d) Os que sexan constitutivos de infracción penal ou se dicten como consecuencia desta.
- e) Os dictados prescindindo total e absolutamente de procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados.
- f) Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico poos que se adquiren facultades ou dereitos cando se carezca dos requisitos esenciais para a súa adquisición.
- g) Calquera outro que se establezca expresamente nunha disposición de rango legal.

2. Tamén serán nulas de pleno dereito as disposicións administrativas que vulneren a Constitución, as leis ou outras disposicións administrativas de rango superior, as que regulen materias reservadas á Lei, e as que establezcan a retroactividade de disposicións sancionadoras non favorables ou restrictivas de dereitos individuais.

**DÉCIMO SEGUNDO.-** Establece o artigo 110 da Lei do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas os límites da revisión establecendo que as facultades de revisión establecidas neste capítulo, non poderán ser exercidas cando por prescripción de accións, polo tempo transcurrido ou por outras circunstancias, o seu exercicio resulte contrario á equidade, á boa fe, ao dereito dos particulares ou ás leis.

**DÉCIMO TERCEIRO.-** O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

**DÉCIMO CUARTO.-** No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1.7.15.

### CONSIDERACIÓNS

**PRIMEIRA.-** En relación ao expediente da **LICENZA DE SEGREGACIÓN e POSTERIOR AGRUPACIÓN DE PARCELAS Nº 2/17**, a Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira emitiu informe na data 16 de xaneiro de 2017 no que sinala que

"  
(...)

*Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento que comprende unha superficie total de cesión de 289,50 m<sup>2</sup>, resultando na franxa sita no lindeiro este e sur da Parcela A unha superficie de cesión de 237,45 m<sup>2</sup>, e no lindeiro este da Parcela B unha superficie de cesión de 52,05 m<sup>2</sup>.*

(...)

**SEGUNDA.-** O artigo 150.5 da LSG así como o artigo 368.5 do do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da LSG, contemplan que toda





parcelación urbanística, segregación ou división de terreos comportará **a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento.**

A data da emisión do presente informe a obligatoria acta de cesión de terreo afectado pola aliñación non está asinada incumplindo así o disposto no punto segundo ***da licenza de segregación e posterior agrupación de parcelas nº 2/17*** concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 27 de febreiro de 2017.

**TERCEIRA.-** O muro afectado por aliñación encóntrase en situación análoga ás edificacións provisionais do artigo 89 e 90 da LSG isto é como terreos afectados a sistemas xerais, polo que coa firma da cesión estase cumprindo unha exigencia da normativa urbanística vixente, non se está a exigir a demolición do muro, que unicamente debера realizarse si finalmente se executa pola administración competente a ampliación do vial.

Polo anteriormente exposto vistos os antecedentes obrantes no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 30/06/2017, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** *Desestimar a alegación* presentada polo Sr. José Antonio Gómez Domínguez actuando en nome e representación do Sr. Sr. Fernando Paz Pérez en relación á obriga de ceder os terreos afectados por aliñación da ***licenza de segregación e posterior agrupación de parcelas nº 2/17 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 27 de febreiro de 2017.***

**SEGUNDO.-** *Ratificar a obriga de cesión a uso e dominio público* da zona afectada por aliñacións establecidas polo planeamento, que segundo a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira comprende unha superficie total de cesión de 289,50 m<sup>2</sup>, resultando na franxa sita no lindeiro este e sur da Parcela A unha superficie de cesión de 237,45 m<sup>2</sup>, e no lindeiro este da Parcela B unha superficie de cesión de 52,05 m<sup>2</sup>

En atención ao artigo 65 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana e o artigo 29 do Real Decreto 29 1093/1997 de 4 de xullo polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da lei hipotecaria sobre inscrición no rexistro da propiedade de actos de natureza urbanística, a eficacia de dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD QUE INCLUIRÁ A SUPERFICIE DE CESIÓN**, especificando que a situación das edificacións sitas no terreo obxecto da cesión a dominio público afectados por aliñación equipáranse ás reguladas no artigo 89 da LSG co título de usos e obras provisionais, que establece que malia a obrigatoriedade da observancia dos plans, poderán autorizarse usos e obras de carácter provisional en solo urbano non consolidado, solo urbanizable e ***terreos afectados a sistemas xerais en tanto non se inicie o procedemento de xestión correspondente***, sempre que non estean expresamente prohibidos polo planeamento xeral nin pola lexislación sectorial. ***Os usos e obras provisionais deberán cesar e derrubarse cando o acordase o concello, sen dereito a indemnización. A autorización aceptada polo propietario farase constar baixo as indicadas condicións no rexistro da propiedade.*** As obras executadas para usos provisionais deberán ser as mínimas imprescindibles para permitir unhas instalacións facilmente desmontables. Non se admiten como usos provisionais os residenciais nin os industriais.





**TERCEIRO.-** Asimesmo polo presente acordo indícase, que de acordo co disposto polo artigo 68 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas dispon vostede **dun prazo de 10 días contados a partir da notificación da presente** para que proceda a subsanación dos defectos sinalados anterioremnte. Dito prazo poderá ser ampliado prudencialmente ata **5 días a petición do interesado** cando a aportación dos documentos requeridos para subsanar as deficiencias presenten dificultades especiais.

**CUARTO.-** Por último no suposto de que non se realice polo Sr. Fernando Paz Pérez as subsanacións descritas nos termos do punto segundo e terceiro de este acordo, **incoarase expediente de revisión da licenza de segregación e posterior agrupación de parcelas nº 2/17** para que previo informe do Consello Consultivo segundo o disposto no 106 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Pública, **declarar a nulidade da mencionada licenza.**

#### **XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.**

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

#### **XII.- VAOS PERMANENTES.**

**1.-** Visto o escrito presentado por Susi Lucas Domínguez en representación de **Pedro Pablo Lucas Domínguez**, de data 13/07/2017 (Rexistro de entrada nº 12.204), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmoible sito na Rúa Esteirón, nº 6 (Palmeira).

**A Xunta de Goberno Local**, visto o informe de data 15/07/2017 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

**Conceder a Pedro Pablo Lucas Domínguez** autorización para a instalación dun **senal de vao permanente** (3,00 m.), con praca e inscrición de nº de licenza, e reforzo de sinalización con liña amarela, na entrada ao garaxe do inmoible sito na Rúa Esteirón, nº 6 (Palmeira).

- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaxe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*





### XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

#### RESOLUCIÓN EN RELACIÓN COA SENTENZA Nº 00195/2017 DO XULGADO CONTENCIOSO/ADMINISTRATIVO Nº 1 DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

VISTA a sentenza de data 28/06/2017, ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela, no recurso contencioso-administrativo tramitado como Procedemento Ordinario número 425/2014, interposto por AGRO DO FORNO, S.L., contra o Concello de Riveira, sendo partes codemandadas PUNTOS BAJO COSTE, S.L. e a ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE ESTACIONES DE SERVICIO DE A CORUNA, sobre impugnación das resolucións de datas 29/01/2014 e 24/04/2014, sobre licenzas de obras para talado e movemento de terras, e implantación dunha unidade de subministro de carburante, respectivamente.

VISTO que a referida sentenza estima o recurso contencioso-administrativo, presentado polo procurador D. Benjamín Victorino Regueiro Muñoz en nome e representación de AGRO DO FORNO, S.L. contra a impugnación das resolucións de 29/01/2104 e 24/04/2014, sobre licenzas de obras para talado e movemento de terras, e implantación dunha unidade de subministro de carburante, respectivamente, declarando a non conformidade a Dereito da resolución recorrida; con expresa condena en costas á vencida, cun máxima de 700 euros.


VISTO que contra a referida sentenza cabe interpoñer recurso de apelación ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de quince días hábiles, a contar desde o seguinte ao da notificación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

**Primeiro.**- Interpoñer recurso de apelación contra a sentenza de data 28/06/2017 ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela, no recurso contencioso-administrativo tramitado como Procedemento Ordinario número 425/2014, interposto por AGRO DO FORNO, S.L. contra o Concello de Riveira, sendo partes codemandadas PUNTOS BAJO COSTE, S.L. e a ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE ESTACIONES DE SERVICIO DE A CORUNA, sobre impugnación das resolucións de datas 29/01/2014 e 24/04/2014, sobre licenzas de obras para talado e movemento de terras, e implantación dunha unidade de subministro de carburante, respectivamente.

**Segundo.**- Designar como avogado a Manuel Rpodríguez Rodríguez, e como procuradora a Natividad Alfonsín Somozas, para que interpoñan o recurso de apelación antes referido en defensa dos intereses deste concelolo e exerciten en consecuencia todas as accións e actuacións que procedan neste procedemento.

Notifíquese aos interesados para os efectos oportunos. Entenderase que aceptan a designación se non manifestan o contrario ao ser notificados.





**ACORDO EN RELACIÓN AO DECRETO DITADO POLO XULGADO ADMINISTRATIVO Nº2 DE SANTIAGO DE DATA 05/07/2017, POLO QUE SE ORDEA A EXECUCIÓN FORZOSA DA SENTENZA FIRME RECAÍDA NO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 555/2015**

Visto o oficio remitido polo Xulgado do Contencioso-Administrativo Nº 2 de Santiago de Compostela, de data 05/07/2017, no que achega Decreto polo que se ordea a execución forzosa da sentenza firme recaída no recurso contencioso-administrativo nº 555/2015, que condena ao Concello de Riveira ao abono de 34.894 € a AGECO CONSTRUCCIONES Y REFORMAS SL (Cif B15752132)

Visto o informe emitido ao respecto polo Tesoureiro do Concello de Riveira, José Antonio Rueda de Valenzuela

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, **acorda** que se proceda á execución da sentenza firme recaída no recurso contencioso-administrativo nº 555/2015, que condena ao Concello de Riveira ao abono de 34.894 € a AGECO CONSTRUCCIONES Y REFORMAS SL (Cif B15752132), nos termos establecidos no Decreto ditado polo Xulgado Administrativo nº2 de Santiago de data 05/07/2017.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e corenta minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.

Riveira, 20 de xuLlo de 2017

O Alcalde

Dou fe, o secretario xeral



  
Manuel Ruiz Rivas



  
Juan Manuel Salguero del Valle